



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 142 · Mércores, 22 xuño 2022

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Inorde

Resolución do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondente ao exercicio 2022..... 2

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación

Xefatura Territorial de Ourense

Resolución pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declara a necesidade de ocupación, así como a primacía sobre o aproveitamento forestal dos establecementos de beneficio do grupo Irosa, no que se inclúe Pizarras Samaca, S.A., situados no Trigoal, no concello de Carballeda de Valdeorras..... 3

IV. ENTIDADES LOCAIS

Barco de Valdeorras (O)

Corrección de erros no anuncio de publicación da aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 1/2022 (BOP Ourense núm. 87, do luns 18 de abril de 2022)..... 12

Ourense

Resolución da Alcaldía de nomeamento de persoal eventual no posto de auxiliar político..... 12

Petín

Exposición pública dos padróns correspondentes ao imposto de bens inmobles de natureza urbana 4º trimestre de 2021 e ao imposto m. vehículos, altas do ano 2022..... 13

Toén

Extracto da convocatoria de subvencións para asociacións de veciños e outras entidades sen ánimo de lucro para o ano 2022.... 13

Xunqueira de Espadanedo

Aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito baixo a modalidade de suplemento de crédito..... 14

Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense

Convocatoria e bases reguladoras para a concesión de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea do alumnado do obradoiro de emprego dual "Terra de Mosteiros 2021"..... 14

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Inorde

Resolución del concurso público para la concesión de subvenciones a ayuntamientos para la realización de acciones de promoción de productos ourensanos correspondiente al ejercicio 2022..... 2

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Vicepresidencia 1ª y Consellería de Economía, Industria e Innovación

Jefatura Territorial de Ourense

Resolución por la que se hace público el Acuerdo del Consejo de la Xunta de Galicia por el que se declara la necesidad de ocupación, así como la primacía sobre el aprovechamiento forestal de los establecimientos de beneficio del grupo Irosa, en el que se incluye Pizarras Samaca, S.A., situados en O Trigoal, en el Ayuntamiento de Carballeda de Valdeorras..... 7

IV. ENTIDADES LOCALES

Barco de Valdeorras (O)

Corrección de errores en el anuncio de publicación de la aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos 1/2022 (BOP Ourense núm. 87, del lunes 18 de abril de 2022)..... 12

Ourense

Resolución de la Alcaldía de nombramiento de personal eventual en el puesto de auxiliar político..... 12

Petín

Exposición pública de los padrones correspondientes al impuesto de bienes inmuebles de naturaleza urbana del 4º trimestre de 2021 y al impuesto m. vehículos, altas año 2022..... 13

Toén

Extracto de la convocatoria de subvenciones para asociaciones de vecinos y otras entidades sin ánimo de lucro para el año 2022.... 13

Xunqueira de Espadanedo

Aprobación definitiva del expediente de modificación de crédito bajo la modalidad de suplemento de crédito..... 14

Mancomunidad Voluntaria de Municipios de la Comarca de Ourense

Convocatoria y bases reguladoras para la concesión de ayudas a través de incentivos a la contratación por cuenta ajena del alumnado del taller de empleo dual "Terra de Mosteiros 2021".... 20



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Inorde

Para os efectos oportunos, publícase a continuación o texto íntegro do acordo do presidente do Inorde, do día 6 de xuño de 2022, de resolución do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio de 2022.

Resolución da Presidencia núm. 2022/0161

Acordo de resolución do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondente ao exercicio 2022.

Logo de ver as bases da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2022 (BOP de Ourense número 64, do 19 de marzo de 2022); o ditame da Comisión de Valoración, do día 5 de maio de 2022, polo que formula a proposta provisional de resolución do concurso para a concesión das subvencións e o informe do 6 de xuño de 2022, no que se informa da publicación da proposta de resolución na web do Inorde, da notificación fidedigna aos concellos interesados e de que logo de transcorrer o prazo de audiencia, dende a última data -sexa de publicación ou notificación-, non se presentaron alegacións.

Tendo en conta que, ao abeiro do previsto no apartado 4 da base sétima das bases da convocatoria do concurso, logo de transcorrer dez días hábiles, contados dende que a última data -sexa a de notificación ou publicación-, da devandita proposta provisional de resolución do concurso para a concesión das subvencións sen que se presentasen alegacións a esta, a proposta provisional convértese en definitiva.

E conforme coas atribucións concedidas por delegación da Comisión Executiva, ao abeiro do establecido no artigo 12.2.l) do Estatutos do Inorde, en relación co artigo 11.f) dos ditos Estatutos, segundo o disposto na base sétima, apartado 1 das bases da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2022, a Presidencia do Inorde é competente para resolver o concurso que conceda ou denegue as subvencións solicitadas e por todo o anterior, dispoño:

Acordo resolver o concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2022, de acordo coa proposta da Comisión de Valoración, nos seguintes termos:

1º) Non admitir a trámite a solicitude presentada polo Concello de Rairiz de Veiga por non acadar o orzamento da actividade o importe mínimo de seis mil euros (6.000,000 €).

2º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, para os proxectos dos concellos seguintes:

Concello; Produto; Puntos de corte; Subvención (euros)
 Vilariño de Conso; XXXIII Festa do Cabrito; 7,03; 1.333,26
 Riós; XXVII Festa da Castaña e do Cogomelo; 3,06; 580,39
 A Teixeira; Festa do Viño Novo 2022; 3,64; 690,28
 A Arnoia; XLIII Festa do Pemento da Arnoia; 5,27; 998,52
 Oimbra; XXV Festa do Pemento Oimbra; 6,24; 1.182,42
 A Rúa; Bacofesta 2022; 9,22; 1.747,41

O Barco de Valdeorras; Primeiras Xornadas de Botelo e Cocido Valdeorrés; 5,72; 1.084,12

Muíños; Galo pica no pan, Galo criado de maneira artesanal, Sopas do Burro canso, Becerro do Xures ao espeto; 6,37; 1.207,60

Xinzo de Limia; Feira da Pataca 2022; 10,54; 1.997,04

Leiro; XXXI Festa da Vendima de Leiro; 15,23; 2.887,21

S Cristovo de Cea; Rutas dos Fornos 2022; 8,32; 1.577,83

Chandrexa de Queixa; XI Festa Gastronómica do Cordeiro; 13,34; 2.527,92

Allariz; Campaña Feito en Allariz; 2,72; 515,36

O Carballiño; Festa do Pulpo 2022; 50,00; 9.477,64

Montederramo; Festa da Carne 2022; 14,75; 2.795,86

Viana do Bolo; Entroido 2022; 17,23; 3.265,23

Castro Caldelas; Promoción produtos locais caldelaos; 2,77; 524,22

Bande; Festa do Peixe 2022; 5,99; 1.135,82

Entrimo; XVII Festa Exaltación da Empanada de Forquellas e Carne Cachena da Serra do Quinxo; 5,09; 965,24

Piñor; V Festa dos Callos; 3,07; 582,47

Petín; Ruta das Bodegas, Magosto, Festa da Freba 2022; 2,84; 539,20

Parada de Sil; IX Festa da Pisa da Castaña e Feira de Produtos Locais; 2,82; 535,21

Lobios; XXIII Festa dos Callos Limiaos; 4,83; 915,31

Verín; XV Feira do Viño D.O. Monterrei; 21,10; 3.999,91

A Veiga; Accións de Promoción e Posta en Valor de Produtos de Alta Montaña da Veiga V; 5,64; 1.069,85

Porqueira; Xornada O Noso; 4,68; 886,42

Ribadavia; Feira do Viño do Ribeiro; 26,26; 4.978,26

Total: 263,78; 50.000,00

3º) No caso de que, con anterioridade ao vencemento do prazo de xustificación se producisen remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, repartiranse automaticamente entre os demais beneficiarios, aplicando a valoración contida na presente proposta, e sempre que a contía finalmente concedida non supere o importe solicitado nin o límite de 12.000,00 € establecidos na base cuarta da convocatoria.

4º) Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, na páxina <http://www.inorde.com> e na Base de Datos Nacional de Subvencións e comunicarllo electronicamente os concellos interesados.

Contra este acto, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante a Presidencia da Deputación no prazo dun mes. O prazo computarase dende o día seguinte ao desta publicación, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. Se o día de vencemento fose inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte. Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

O presidente. Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

Diputación Provincial de Ourense

Inorde

Para los efectos oportunos, se publica a continuación el texto íntegro del acuerdo del presidente del Inorde, del día 6 de junio de 2022, de resolución del concurso público para la concesión de subvenciones a los ayuntamientos para la realización de acciones de promoción de productos ourensanos correspondientes al ejercicio de 2022.

Resolución da Presidencia núm. 2022/0161

Acuerdo de resolución del concurso público para la concesión de subvenciones a ayuntamientos para la realización de acciones de promoción de productos ourensanos correspondiente al ejercicio 2022.

Una vez vistas las bases de la convocatoria del concurso público para la concesión de subvenciones a ayuntamientos para la realización de acciones de promoción de productos ourensanos correspondientes al ejercicio 2022 (BOP de Ourense número 64, do 19 de marzo de 2022); el dictamen de la Comisión de Valoración de fecha 5 de mayo de 2022, por el que formula la propuesta provisional de resolución del concurso para la concesión de las subvenciones y el informe de 6 de junio de 2022, en el que se informa de la publicación de la propuesta de resolución en la web del Inorde, de su notificación fehaciente a los ayuntamientos interesados y de que una vez transcurrido el plazo de audiencia, desde la última fecha -sea la de publicación o notificación-, no se presentaron alegaciones.

Teniendo en cuenta que, de acuerdo con lo previsto en el apartado 4 de la base séptima de las bases de la convocatoria del concurso, una vez transcurridos diez días hábiles, contados desde que la última fecha -sea la de notificación o publicación-, de dicha propuesta provisional de resolución del concurso para la concesión de las subvenciones, sin que se hubieran presentado alegaciones a la misma, la propuesta provisional se convierte en definitiva.

Y conforme a las atribuciones concedidas por delegación de la Comisión Ejecutiva, de acuerdo con lo establecido en el artículo 12.2.l) de los Estatutos del Inorde, en relación con el artículo 11.f) de dichos Estatutos, según lo dispuesto en la base séptima, apartado 1 de las bases de la convocatoria del concurso público para la concesión de subvenciones a ayuntamientos para la realización de acciones de promoción de productos ourensanos correspondientes al ejercicio 2022, la Presidencia del Inorde es competente para resolver el concurso que conceda o deniegue las subvenciones solicitadas, por todo lo anterior, dispongo:

Acuerdo resolver el concurso público para la concesión de subvenciones a ayuntamientos para la realización de acciones de promoción de productos ourensanos correspondientes al ejercicio 2022, de acuerdo con la propuesta de la Comisión de Valoración, en los siguientes términos:

1º) No admitir a trámite la solicitud presentada por el Ayuntamiento de Rairiz de Veiga por no alcanzar el presupuesto de la actividad el importe mínimo de seis mil euros (6.000,000 €).

2º) Conceder, conforme con la valoración efectuada, las subvenciones, por los importes que se indican, para los proyectos a los ayuntamientos siguientes:

Ayuntamiento; Producto; Puntos de corte; Subvención (euros)
 Vilariño de Conso; XXXIII Festa do Cabrito; 7,03; 1.333,26
 Riós; XXVII Festa da Castaña e do Cogomelo; 3,06; 580,39
 A Teixeira; Festa do Viño Novo 2022; 3,64; 690,28
 A Arnoia; XLIII Festa do Pemento da Arnoia; 5,27; 998,52
 Oimbra; XXV Festa do Pemento Oimbra; 6,24; 1.182,42
 A Rúa; Bacofesta 2022; 9,22; 1.747,41
 O Barco de Valdeorras; Primeiras Xornadas de Botelo e Cocido Valdeorras; 5,72; 1.084,12
 Muíños; Galo pica no pan, Galo criado de maneira artesanal, Sopas do Burro canso, Becerro do Xures o espeto; 6,37; 1.207,60
 Xinzo de Limia; Feira da Pataca 2022; 10,54; 1.997,04
 Leiro; XXXI Festa da Vendima de Leiro; 15,23; 2.887,21
 San Cristovo de Cea; Rutas dos Fornos 2022; 8,32; 1.577,83

Chandrea de Queixa; XI Festa Gastronómica do Cordeiro; 13,34; 2.527,92

Allariz; Campaña Feito en Allariz; 2,72; 515,36

O Carballiño; Festa do Pulpo 2022; 50,00; 9.477,64

Montederramo; Festa da Carne 2022; 14,75; 2.795,86

Viana do Bolo; Entroido 2022; 17,23; 3.265,23

Castro Caldelas; Promoción produtos locais caldelaos; 2,77; 524,22

Bande; Festa do Peixe 2022; 5,99; 1.135,82

Entrimo; XVII Festa Exaltación da Empanada de Forquellas e Carne Cachena da Serra do Quinxo; 5,09; 965,24

Piñor; V Festa dos Callos; 3,07; 582,47

Petín; Ruta das Bodegas, Magosto, Festa da Freba 2022; 2,84; 539,20

Parada de Sil; IX Festa da Pisa da Castaña e Feira de Produtos Locais; 2,82; 535,21

Lobios; XXIII Festa dos Callos Limiaos; 4,83; 915,31

Verín; XV Feira do Viño D.O. Monterrei; 21,10; 3.999,91

A Veiga; Accións de Promoción e Posta en Valor de Produtos de Alta Montaña da Veiga V; 5,64; 1.069,85

Porqueira; Xornada O Noso; 4,68; 886,42

Ribadavia; Feira do Viño do Ribeiro; 26,26; 4.978,26

Total: 263,78; 50.000,00

3º) En el caso de que, con anterioridad al vencimiento del plazo de justificación se produjesen remanentes por la renuncia o pérdida del derecho a las subvenciones por parte de algún beneficiario, se repartirá automáticamente entre los demás beneficiarios, aplicando la valoración contenida en la presente propuesta, y siempre que la cuantía finalmente concedida no supere el importe solicitado ni el límite de 12.000,00 € establecidos en la base cuarta de la convocatoria.

4º) Publicar este acuerdo en el Boletín Oficial de la Provincia, en la página <http://www.inorde.com> y en la Base de Datos Nacional de Subvenciones y comunicárselo electrónicamente a los ayuntamientos interesados.

Contra este acto, que no pone fin a la vía administrativa, podrá interponer un recurso de alzada ante la Presidencia de la Diputación en el plazo de un mes. El plazo se computará a partir del día siguiente al de esta publicación, venciendo en el día equivalente del mes natural siguiente o, de no existir este, en el último día de dicho mes. Si el día del vencimiento fuese inhábil, se entenderá prorrogado dicho plazo al primer día hábil siguiente. No obstante lo anterior, podrá interponer cualquier otro recurso o acción administrativa o judicial que estime procedente.

El presidente. Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

R. 1.357

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación Xefatura Territorial Ourense

Resolución do 27 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 19 de maio de 2022, polo que se declara a necesidade de ocupación, así como a primacía sobre o aproveitamento forestal dos establecementos de beneficio do grupo Irosa, no que se inclúe Pizarras Samaca, S.A., situados no Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense).



En cumprimento do disposto no artigo 21 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e no artigo 20 do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957, publícase o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 19 de maio de 2022, polo que se declara a necesidade de ocupación, así como a primacía sobre o aproveitamento forestal dos establecementos de beneficio do grupo Irosa, no que se inclúe Pizarras Samaca, S.A., situados no Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense).

Ourense, 27 de maio de 2022. O xefe territorial.

Asdo.: Pablo Fernández Vila.

Anexo

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 19 de maio de 2022, polo que se declara a necesidade de ocupación, así como a primacía sobre o aproveitamento forestal dos establecementos de beneficio do grupo Irosa, no que se inclúe Pizarras Samaca, S.A., situados no Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense).

Logo de examinar o expediente da solicitude de necesidade ocupación para os establecementos de beneficio da entidade Industrias de Rocas Ornamentales, S.A. e Pizarras Samaca, S.A., situados no Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras, na provincia de Ourense, resultan os seguintes

Antecedentes de feito

Primeiro: o 29.10.2020, Rogelio López Rodríguez, en condición de presidente do Consello de Administración da entidade Industrias de Rocas Ornamentales, S.A. (en diante, Irosa) e Pizarras Samaca, S.A. (en diante, Samaca), esta última pertencente ao grupo Irosa, presentou un escrito dirixido á Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en Ourense, polo que solicitou a declaración de utilidade pública e interese social “dos establecementos de beneficio que conforman o conxunto de talleres de lousa, naves, accesos, instalacións eléctricas, de auga, de depuración e auxiliares, entulleiras que se comprenden e delimitan no plano anexo (...) dentro dos terreos propiedade da Comunidade Veciñal do Monte en Man Común núm. 1392 Montes baixos de Portela e Trigal”. Estes establecementos de beneficio foran autorizados a nome de Irosa e Samaca mediante Resolución do 06.11.2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

Segundo: por Resolución do 28.10.2021, da Xefatura Territorial de Ourense, publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21.10.2021, polo que se declarou a utilidade pública e o interese social para os establecementos de beneficio do grupo Irosa, no cal se inclúe Samaca, situados no Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras (DOG núm. 225, do 23.11.2021), a cal foi notificada a Irosa e posta a disposición da Comunidade Veciñal do Monte en Man Común de Portela e o Trigal o 29.10.2021.

Terceiro: o 02.11.2021, Irosa solicitou a urxente ocupación para os establecementos de beneficio que foran declarados de utilidade pública e interese social polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21.10.2021, achegando, entre outra documentación, a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos afectados. O 15.11.2021, Irosa modificou a solicitude de urxente ocupación polo procedemento ordinario.

Cuarto: por Acordo do 30.11.2021, da Xefatura Territorial de Ourense, publicouse a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos formulada por Irosa para os establecementos de beneficio do grupo, no cal se inclúe Samaca, situados no Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras. O citado acordo foi publicado no DOG núm. 235, do 09.12.2021, no BOP de Ourense núm. 289, do 18.12.2021 e no xornal La Región do 08.12.2021. Así mesmo, permaneceu exposta ao público no

taboleiro de anuncios do concello afectado (Carballeda de Valdeorras), que emitiu o correspondente certificado de exposición pública.

Quinto: o 02.12.2021, a Xefatura Territorial de Ourense remitiulle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal o expediente de expropiación relativo aos establecementos de beneficio de referencia, para que de acordo co artigo 6 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei de montes veciñais en man común de Galicia, e unha vez feitos os trámites oportunos e oída a comunidade afectada, informase dos asuntos da súa competencia e llo devolvese á Xefatura Territorial de Ourense, para a súa prosecución en forma legal.

Sexto: o 07.12.2021, a Xefatura Territorial de Ourense deulle traslado á Comunidade Veciñal do Monte en Man Común de Portela e o Trigal, da relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos formulada por Irosa para os establecementos de beneficio de referencia, co fin de que, de conformidade co artigo 18 do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957, no prazo de 15 días, puidese achegar cantos datos permitisen a rectificación dos posibles erros que se estimasen cometidos na relación que se fixo pública polo Acordo do 30.11.2021, ao que se fai referencia no antecedente de feito cuarto deste acordo.

Sétimo: o 23.12.2021, José Antonio Iglesias Franco, en representación da Comunidade Veciñal do Monte en Man Común de Portela e o Trigal, presentou un escrito, no que solicitou copia de varios dos documentos achegados por Irosa coa solicitude do 02.11.2021, á que se fai referencia no antecedente de feito terceiro deste acordo. O 28.12.2021, a Xefatura Territorial de Ourense achegoulle a documentación solicitada.

Oitavo: o 30.12.2021, José Antonio Iglesias Franco, en representación da Comunidade Veciñal do Monte en Man Común de Portela e o Trigal, e dentro do prazo concedido, presentou, en resumo, as seguintes alegacións:

- Non é certo que a CMVMC Portela e o Trigal se opuxese ao arrendamento dos terreos; unicamente se lle pediu a Irosa a mesma cantidade de €/ha que outras empresas lindeiras están a pagar.

- Os contratos entre a CMVMC Portela e o Trigal e Irosa-Samaca concluíron no ano 2014. Dende entón, Irosa segue ocupando os terreos sen pagar.

- Segundo se estipula nos contratos de arrendamento, todas as construcións existentes nos terreos arrendados pertencen á CMVMC Portela e o Trigal, feito tamén amparado polo artigo 10 do Regulamento da Lei 13/1989, do 10 de outubro, polo que estas edificacións han de ser incluídas na relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos afectados. Concretamente, estas son:

- Nave industrial: 1.923 m²

- Nave industrial: 3.429 m²

- Almacén: 168 m²

- Depósitos Auga: 453m²

- A CMVMC Portela e o Trigal reclama unha parcela de 26.511 m², con edificacións de 9.248 m² sobre ela, que Irosa non inclúe na relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos afectados.

- Esta mesma situación prodúcese noutra parcela de 31.938 m², dos cales 3.671 m² corresponden a edificacións. Neste terreo tamén existe un muro de peche construído en terreos da comunidade que deberá tamén ser incluído na relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos afectados.

- Samaca non pode ser beneficiaria da expropiación por non ser titular de ningunha concesión mineira.

• Irosa - Samaca non son propietarios dos terreos onde se asentan as naves, talleres, oficinas e almacéns, que pertencen á CMVMC Portela e o Trigal. Que, segundo o artigo 2 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, “Os montes en man común non poden ser adquiridos, son inembargables, indivisibles e imprescritibles” polo que Irosa non puido adquirir parcela ningunha pertencente aos veciños do Trigal e Portela. Que na documentación achegada por Irosa non aparece ningún contrato de compra de terreos a particulares e de habelo, sería nulo xa que os terreos ocupados forman parte do Monte Veciñal en Man Común de Portela e o Trigal. Que o feito de que no catastro aparezan como titulares Irosa ou Samaca non quere dicir que sexan propietarios lexítimos xa que o catastro non constitúe título de propiedade.

• Todo o terreo ocupado por Irosa-Samaca é propiedade dos veciños de Portela e o Trigal.

• IROSA e SAMACA carecen de licenza de actividade en todas as naves, agás unha que pertenceu a Pizarras Trevinca, S.A. polo que non pode acordarse necesidade de ocupación en favor dunha sociedade que carece de licenza de actividade.

• Irosa non presentou a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos segundo indica a Lei de expropiación forzosa, unicamente achegou un plano con coordenadas.

Noveno: o 13.01.2022, unha vez finalizado o prazo de exposición pública, dende a Xefatura Territorial de Ourense remitíronse a Irosa as alegacións presentadas pola Comunidade de Montes de Portela e o Trigal.

Décimo: o 19.01.2022, Irosa achegou contestación ás alegacións formuladas pola CMVMC Portela e o Trigal, onde rebate o contido destas e solicita que non sexan tidas en consideración.

Décimo primeiro: unha vez publicada a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos formulada por Irosa para os establecementos de beneficio, situados no Trigal, e unha vez recibidas as alegacións da comunidade de montes afectada e a resposta do promotor a estas, a Xefatura Territorial de Ourense achegoulle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal a citada documentación para completar o expediente, reiterando a solicitude do 02.12.2022, á que se fai referencia no antecedente de feito quinto deste acordo.

Décimo segundo: o 07.02.2022, a Xefatura Territorial de Ourense recibiu o informe favorable emitido polo Servizo de Montes de Ourense sobre a declaración de primacía da utilidade pública e o interese social para os establecementos de beneficio do grupo Irosa, sobre terreos do MVMC “montes baixos de Portela e Trigal”, pertencente á CMVMC Portela e o Trigal, no Concello de Carballeda de Valdeorras.

Décimo terceiro: o 25.02.2022, persoal técnico do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable sobre a necesidade de ocupación dos establecementos de beneficio do grupo Irosa, no que se inclúe Samaca.

Décimo cuarto: o 28.02.2022, a Xefatura Territorial de Ourense solicitou informe da área xurídica do mesmo organismo sobre a procedencia de elevar a solicitude de necesidade de ocupación ao Consello da Xunta de Galicia.

Décimo quinto: o 14.03.2022, a Área Xurídica e de Coordinación da Xefatura Territorial en Ourense informa favorablemente a solicitude de necesidade de ocupación (...) na que considera necesaria a elevación da citada declaración, ao Consello da Xunta de Galicia.

Décimo sexto: o 16.03.2022, a Xefatura Territorial de Ourense remitiulle á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais o expediente completo e ordenado, e propuxo continuar a súa tramitación para a adopción, polo Consello da Xunta, do acordo de necesidade de ocupación, así como a primacía sobre un aproveitamento forestal, para os establece-

mentos de beneficio, ao cumprirse os requisitos legais establecidos para isto.

Décimo sétimo: O 27.04.2022, a asesoría xurídica de Enerxía, Recursos Naturais, Comercio e Consumo, emitiu un informe segundo o cal “considera viable a necesidade de ocupación e primacía sobre o aproveitamento forestal, polo que procede a remisión do expediente ao Consello da Xunta de Galicia para que adopte o acordo oportuno.”

Consideracións legais e técnicas

Primeira: o Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 15 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e no apartado 1 do artigo 6 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei de montes veciñais en man común de Galicia, que indica que “os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte, mediante declaración expresa da Xunta de Galicia, logo de informe da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e oídas as comunidades afectadas.”

Segunda: segundo se infire do Real decreto 2758/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería, no seu artigo 138, os establecementos destinados á preparación, concentración ou beneficio dos recursos (instalacións de preparación, plantas de concentración, ou plantas de beneficio) deberán ser autorizadas como establecemento de beneficio pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

Cómpre subliñar que tal e como se indica no antecedente de feito primeiro, as instalacións ás que se fai referencia foron autorizadas mediante Resolución do 06.11.2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, como establecementos de beneficio.

Terceira: no título e capítulo segundo da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957, régúlase a necesidade de ocupación de bens ou de adquisición de dereitos.

En cumprimento do disposto no artigo 18 da Lei de expropiación forzosa e no artigo 17 do seu regulamento, publicouse a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos formulada por Irosa a través do Acordo do 30.11.2021, da Xefatura Territorial de Ourense. O citado acordo foi publicado no DOG núm. 235, do 09.12.2021, no BOP de Ourense núm. 289, do 18.12.2021 e no xornal La Región do 08.12.2021. Así mesmo, permaneceu exposta ao público no taboleiro de anuncios do concello afectado (Carballeda de Valdeorras), que emitiu o correspondente certificado de exposición pública.

O 07.12.2021, a Xefatura Territorial de Ourense deulle traslado á comunidade afectada, da relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos formulada por Irosa para os establecementos de beneficio de referencia, co fin de que, en conformidade co artigo 18 do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957, no prazo de 15 días, puidese achegar cantos datos permitisen a rectificación dos posibles erros que se estimasen cometidos na relación que se publicou polo Acordo do 30.11.2021.

O 30.12.2021, José Antonio Iglesias Franco, en representación da Comunidade Veciñal do Monte en Man Común de Portela e o Trigal, e dentro do prazo concedido, presentou alegacións. O 13.01.2022, unha vez finalizado o prazo de exposición pública, dende a Xefatura Territorial de Ourense remitíronse a Irosa as alegacións presentadas pola citada comunidade de montes.

O 19.01.2022, Irosa achegou contestación ás alegacións formuladas pola CMVMC Portela e o Trigal, onde rebate o contido destas e solicita que non sexan tidas en consideración.



Nos apartados 1 e 2 do artigo 6 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei de montes veciñais en man común de Galicia, recóllese que:

“1. Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte, mediante declaración expresa da Xunta de Galicia, logo de informe previo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e oídas as comunidades afectadas.

2. Unha vez iniciado o expediente de expropiación e completado coa memoria xustificativa e a descrición do terreo de que se trate, remitíraselle á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para que se dea vista deste á comunidade afectada, por conduto da delegación provincial correspondente, que procederá a informalo no termo dun mes. Unha vez cumprido aquel trámite, remitírallo, no prazo de quince días, á Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural que lle propondrá ao conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes o que proceda.”

O 02.12.2021, a Xefatura Territorial de Ourense remitiulle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal o expediente de expropiación relativo aos establecementos de beneficio de referencia, para que, de acordo co artigo 6 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e unha vez feitos os trámites oportunos e oída a comunidade afectada, esa dirección xeral llo devolvese para a súa prosecución en forma legal, así como para que emitise un informe dos asuntos da súa competencia.

Unha vez publicada a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos formulada por Irosa para os establecementos de beneficio, situados no Trigal, e unha vez recibidas as alegacións da comunidade de montes afectada e a resposta do promotor a estas, a Xefatura Territorial de Ourense achegoulle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal a citada documentación para completar o expediente, reiterando a solicitude do 02.12.2022.

O 07.02.2022, a Xefatura Territorial de Ourense recibiu o informe favorable emitido polo Servizo de Montes de Ourense sobre a declaración de primacía da utilidade pública e o interese social para os establecementos de beneficio do grupo Irosa, sobre terreos do MVMC “montes baixos de Portela e Trigal”, pertencente á CMVMC Portela e o Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras. No citado informe, recóllese, literalmente, o seguinte:

“ (...) Antecedentes

Na sección provincial do Rexistro de MMVVMC consta o seguinte:

1. O Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, o 09.11.1977, o seguinte:

Clasificar os montes denominados “montes baixos de Portela e Trigal”, cunha extensión superficial en conxunto de 212 ha (...); estes montes de Portela e Trigal están situados arredor destas poboacións e as súas leiras particulares, formados por seis parcelas independentes entre si, situadas na periferia do termo parroquial como continuidade dos montes das comunidades lindadeiras. As parcelas son: a do extremo sur do termo parroquial, limita coa serra de Casaio e Lardeira polo sur, e polo oeste co monte de Casoio polo río Casoio. Outras dúas ao oeste do termo, limitan tamén con parcelas do monte de Casoio, practicamente segundo a divisoria de augas; outras dúas polo norte son continuidade dos montes de Medua e, finalmente unha situada entre leiras particulares, ao leste, cara a Pena; cuxa descrición perimetral aparece recollida na carpeta-ficha unida a este expediente; como veciñal en man común, pertencente en réxime de comunidade xermánica aos veciños dos lugares de Portela e Trigal, no municipio de Carballeda de Valdeorras (...).

2. Posteriormente, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou, o 26.04.2016, aprobar o acto de conciliación acadado entre as CMVMC de «Portela e Trigal» e «Casoio», no concello de Carballeda de Valdeorras (...)

Consideracións legais

1. O art. 13 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e mais o art. 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 13/1989, establecen que a resolución firme de clasificación dun terreo como monte veciñal en man común producirá, entre outros, o seguinte efecto:

a) Atribuírlle a propiedade á comunidade veciñal correspondente, en tanto non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdición ordinaria.

(...)

Informe

En relación co expediente de referencia, infórmase do seguinte:

1. De acordo coas coordenadas indicadas no anexo da relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos, incluído no Acordo do 30 de novembro de 2021, da Xefatura Territorial de Ourense xa citado, e tendo en conta o esbozo citado no antecedente 1º e mais a modificación aprobada no antecedente 2º, os establecementos de beneficio en cuestión atópanse dentro do MVMC Portela e Trigal; en concreto, o denominado Polígono Norte (situado ao norte da estrada autonómica OU-122, Sobradelo-Trevinca) comprende terreos da parcela rústica 32018A01000149 e da parcela urbano-industrial 002200100PG79F; mentres que o Polígono Sur (situado ao sur desa estrada) comprende terreos das parcelas rústicas 32018A01500038, 32018A01500042, 32018A01500416, 32018A01500419, 32018A01500420, 32018A01500426, 32018A01500429, 32018A01500430, 32018A01500437, 32018A01500506, 32018A01500507, 32018A01509006 e 32018A01509013 e das urbano-industriais 002200500PG79F e 002200600PG79F.

2. A xunta reitora da CMMVVMC da Portela e O Trigal consta inscrita e en vigor na sección provincial do Rexistro de MMVVMC.

3. Os terreos indicados no punto 1 non están afectados por convenios ou consorcios para a xestión forestal por parte da Administración.

4. A superficie para expropiar ascende, segundo a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos, a 132.861 m² (13,29 ha), o que representa unha proporción menor da superficie do monte (un 5 %, tendo en conta a modificación do antecedente 2 aprobada en 2016).

5. Os terreos afectados corresponden maiormente a edificacións de carácter industrial ou a parcelas rústicas con usos asociados a ese (extracción, loxística e amontoamento), os cales parecen levar implantados, polo menos, unhas 4 décadas (aparecen xa na ortoimaxe histórica do voo interministerial, 1973-86), de xeito que a expropiación non afectaría os aproveitamentos nin os usos consuetudinarios que se veñen desenvolvendo no monte.

6. Unicamente nas parcelas 32018A01500038 e 32018A01500042, e na parte occidental das parcelas 32018A01500416 e 32018A01500507, se observa a ausencia de usos industriais; as ditas parcelas comprenden 1,5 ha aproximadamente de terreos rústicos en estado de monte raso, anexos a un camiño privado que parece dar servizo á actividade extractiva. Situación, por tanto, da que tampouco se pode inferir unha afectación salientable respecto dos aproveitamentos nin os usos consuetudinarios do monte.

Tendo en conta o anterior, este servizo informa favorablemente a declaración de prevalencia solicitada.”

Cuarta: con respecto ás alegacións presentadas o 30.12.2021 por José Antonio Iglesias Franco, en representación da Comunidade Veciñal do Monte en Man Común de Portela e o Trigal, cómpre manifestar o seguinte:

- No relativo ás importantes discrepancias económicas entre Irosa e a comunidade afectada, non corresponde a súa resolución a esta fase do procedemento, xa que o órgano competente para determinar o prezo xusto é o Xurado de Expropiación de Galicia, a quen se lle remitirá o expediente logo de levantar as actas previas á ocupación e incorporar as follas de aprecio contradictorias que presenten as partes.

- Con respecto á inclusión de todas as construcións dos establecementos de beneficio da entidade Irosa e Samaca, situados no Trigal, a favor da CMVMC Portela e o Trigal, cómpre manifestar que a Xefatura Territorial de Ourense non ten constancia de ningunha solicitude de transmisión das instalacións ás que se fai referencia que xa fosen autorizadas mediante Resolución do 06.11.2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

- No relativo a que Samaca non pode ser beneficiaria da expropiación por non ser titular de ningunha concesión mineira, cómpre manifestar que por Resolución do 28.10.2021, da Xefatura Territorial de Ourense, publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21.10.2021, polo que se declarou a utilidade pública e o interese social para os establecementos de beneficio do grupo Irosa, no cal se inclúe Samaca. A Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, no artigo 113, e o Real decreto 2857/1978, do 25 agosto, no artigo 139 contemplan o seguinte: “Os titulares dos establecementos a que este título se refire poderán acollerse aos beneficios da Lei de expropiación forzosa, cando a súa importancia ou razóns de interese nacional o aconsellen, tras a declaración previa de utilidade pública (...)”.

- Con respecto ás importantes discrepancias no relativo á titularidade dos terreos alegadas, será na fase de levantamento de actas previas, dentro, do procedemento expropiatorio, cando se proceda á determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento...), así como das afectacións reais sobre eles. Así mesmo, o artigo 15 de Lei, do 16 de decembro, sobre expropiación forzosa establece o seguinte: “Unha vez declarada a utilidade pública ou o interese social, a Administración resolverá sobre a necesidade concreta de ocupar os bens ou adquirir os dereitos que sexan estritamente indispensables para o obxectivo da expropiación”. Polo tanto, o labor da Administración deberá limitarse a resolver sobre a necesidade da ocupación determinando estritamente aqueles bens sobre os que o solicita o beneficiario, sen estendelo a outros, ao non quedar acreditada a propiedade dos terreos por parte da CMVMC Portela e o Trigal.

- No relativo a que Irosa non presentou unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos, segundo indica a Lei de expropiación forzosa, e que unicamente achegou un plano con coordenadas, cómpre manifestar que o antedito plano coas coordenadas complétase coa indicación da referencia catastral do predio e a súa titularidade, quedando, polo tanto, identificados os terreos e os seus titulares. Así mesmo, o propio Servizo de Montes de Ourense non manifesta impedimento ningún, e indica, tal e como se recolle no punto 4 do seu informe: “A superficie para expropiar ascende, segundo a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos, a 132.861 m² (13,29 ha), o que representa unha proporción menor da superficie do monte (un 5 %, tendo en conta a modificación do antecedente 2 aprobada en 2016).”

Quinta: na documentación incorporada ao expediente, figuran os informes do Servizo de Enerxía e Minas (do 25.02.2022),

da Área Xurídica e Coordinación da Xefatura Territorial (do 14.03.2022), e da Asesoría Xurídica de Enerxía, Recursos Naturais, Comercio e Consumo (do 27.04.2022) que son favorables á necesidade de ocupación, así como á primacía sobre o aproveitamento forestal e á remisión do expediente para a adopción do acordo polo Consello da Xunta de Galicia.

De acordo con todo o que antecede, e concretamente co informe do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial en Ourense, co informe da Área Xurídica e Coordinación desta, coa proposta da Xefatura Territorial, e co informe da Asesoría Xurídica de Enerxía, Recursos Naturais, Comercio e Consumo, o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte acordo:

Declarar a necesidade de ocupación, así como a primacía sobre o aproveitamento forestal, dos establecementos de beneficio do grupo Irosa, no que se inclúe Pizarras Samaca, S.A., situados no Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense).

Segundo o artigo 20 da Lei de expropiación forzosa, os bens e dereitos a que afecta a expropiación son os incluídos no anexo do Acordo do 30.11.2021, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se publicou a relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos formulada por Irosa para os establecementos de beneficio do grupo, no cal se inclúe Samaca, situados no Trigal, no concello de Carballeda de Valdeorras. O titular dos bens ou dereitos afectados é a Comunidade Veciñal do Monte en Man Común de Portela e o Trigal.

Este acordo publicarase e notificaráselles aos interesados en conformidade co establecido no artigo 21 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e no artigo 20 do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Vicepresidencia 1ª y Consellería de Economía, Industria e Innovación

Jefatura Territorial Ourense

Resolución del 27 de mayo de 2022, de la Jefatura Territorial de Ourense, por la que se hace público el Acuerdo del Consejo de la Xunta de Galicia, de 19 de mayo de 2022, por el que se declara la necesidad de ocupación, así como la primacía sobre el aprovechamiento forestal de los establecimientos de beneficio del grupo Irosa, en el que se incluye Pizarras Samaca, S.A., situados en O Trigal, en el Ayuntamiento de Carballeda de Valdeorras (Ourense).

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 21 da Ley de Expropiación Forzosa, de 16 de diciembre de 1954, y en el artículo 20 del Reglamento de Expropiación Forzosa, de 26 de abril de 1957, se hace público el Acuerdo del Consejo de la Xunta de Galicia, de 19 de mayo de 2022, por el que se declara la necesi-



dad de ocupación, así como la primacía sobre el aprovechamiento forestal de los establecimientos de beneficio del grupo Irosa, en el que se incluye Pizarras Samaca, S.A., situado en O Trigal, en el Ayuntamiento de Carballeda de Valdeorras (Ourense).

Ourense, 27 de mayo de 2022. El jefe territorial.

Fdo.: Pablo Fernández Vila.

Anexo

“Acuerdo del Consejo de la Xunta de Galicia, de 19 de mayo de 2022, por el que se declara la necesidad de ocupación, así como la primacía sobre el aprovechamiento forestal de los establecimientos de beneficio del grupo Irosa, en el que se incluye Pizarras Samaca, S.A., situados en O Trigal, en el Ayuntamiento de Carballeda de Valdeorras (Ourense).

Una vez examinado el expediente de la solicitud de necesidad de ocupación para los establecimientos de beneficio de la entidad Industrias de Rocas Ornamentales, S.A. y Pizarras Samaca, S.A., situados en O Trigal, en el Ayuntamiento de Carballeda de Valdeorras, en la provincia de Ourense, resultan los siguientes Antecedentes de hecho

Primero: o 29.10.2020, Rogelio López Rodríguez, en condición de presidente del Consejo de Administración de la entidad Industrias de Rocas Ornamentales, S.A. (en adelante, Irosa) y Pizarras Samaca, S.A. (en adelante, Samaca), esta última perteneciente al grupo Irosa, presentó un escrito dirigido a la Jefatura Territorial de la Vicepresidencia Segunda y Consellería de Economía, Empresa e Innovación en Ourense, por el que solicitó la declaración de utilidad pública e interés social “de los establecimientos de beneficio que conforman el conjunto de talleres de pizarra, naves, accesos, instalaciones eléctricas, de agua, de depuración y auxiliares, escombreras que se comprenden y delimitan en el plano anexo (...) dentro de los terrenos propiedad de la Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común núm. 1392 Montes bajos de Portela y O Trigal”. Este establecimiento de beneficio había sido autorizado a nombre de Irosa y Samaca mediante Resolución del 06.11.2017, de la Dirección General de Energía y Minas.

Segundo: por Resolución del 28.10.2021, de la Jefatura Territorial de Ourense, se hizo público el Acuerdo del Consejo de la Xunta de Galicia, del 21.10.2021, por lo que se declaró la utilidad pública y el interés social para los establecimientos de beneficio del grupo Irosa, en el cual se incluye Samaca, situados en O Trigal, en el Ayuntamiento de Carballeda de Valdeorras (DOG núm. 225, del 23.11.2021), la cual fue notificada a Irosa y puesta a disposición de la Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común de Portela y O Trigal el 29.10.2021.

Tercero: el 02.11.2021, Irosa solicitó la urgente ocupación para los establecimientos de beneficio que habían sido declarados de utilidad pública e interés social por el Acuerdo del Consejo da Xunta de Galicia, del 21.10.2021, aportando, entre otra documentación, la relación concreta e individualizada de los bienes o derechos afectados. El 15.11.2021, Irosa modificó la solicitud de urgente ocupación por el procedimiento común.

Cuarto: por Acuerdo del 30.11.2021, de la Jefatura Territorial de Ourense, se hizo pública la relación concreta e individualizada de los bienes o derechos formulada por Irosa para los establecimientos de beneficio del grupo, en el cual se incluye Samaca, situados en O Trigal, en el Ayuntamiento de Carballeda de Valdeorras. El citado acuerdo fue publicado en el DOG núm. 235, del 09.12.2021, en el BOP de Ourense núm. 289, del 18.12.2021 y en el periódico La Región del 08.12.2021. Asimismo, permaneció expuesta al público en el tablón de anuncios del Ayuntamiento afectado (Carballeda de Valdeorras), que emitió el correspondiente certificado de exposición pública.

Quinto: el 02.12.2021, la Jefatura Territorial de Ourense le remitió a la Dirección General de Planificación y Ordenación Forestal el expediente de expropiación relativo a los establecimientos de beneficio de referencia, para que de acuerdo con el artículo 6 del Decreto 260/1992, de 4 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de Ejecución de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común de Galicia, y una vez hechos los trámites oportunos y oída la comunidad afectada, informara de los asuntos de su competencia y se lo devolviera a la Jefatura Territorial de Ourense para su prosecución en forma legal.

Sexto: el 07.12.2021, la Jefatura Territorial de Ourense le dio traslado a la Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común de Portela y O Trigal, de la relación concreta e individualizada de los bienes o derechos formulada por Irosa para los establecimientos de beneficio de referencia, a fin de que, de conformidad con el artículo 18 del Reglamento de Expropiación Forzosa, de 26 de abril de 1957, en el plazo de 15 días, pudiera aportar cuantos datos permitieran la rectificación de los posibles errores que se estimasen cometidos en la relación que se hizo pública por el Acuerdo del 30.11.2021, al que se hace referencia en el antecedente de hecho cuarto de este acuerdo.

